



# OS VALORES DE SE

En galego distinguimos dúas formas homónimas de *se*, unha como pronome persoal e outra como conxunción (nexo de subordinada).

1

## COMO CONXUNCIÓN (NEXO DE SUBORDINADA)

a) **Conxunción condicional.** Ex: *Se che parece ben, imos á praia.*

b) **Conxunción completiva.** Ex: *Pregúntalle se quere comer carne ou peixe.*

2

## COMO PRONOME PERSOAL

a) **Reflexivo:** o suxeito realiza a acción que recae sobre si mesmo. Ex: *El fíxose dano (a si mesmo) e tivo que ir ao médico.*

b) **Recíproco:** indica a dous ou máis suxeitos que executan e reciben alternativamente a acción verbal. Poden desempeñar funcións de CD e CI.

Ex: *Paula e Marta quérense* (CD).

Ex: *Aínda se seguían escribindo cartas de amor* (CI).

c) **Pronominal:** o pronome acompaña a verbos que precisan del para manter o seu significado. Non realizan ningunha función sintáctica.

Ex: *Sempre se queixa do mesmo.*

Ex: *Botouse de cabeza.*

d) **Impersoal:** o pronome non desempeña ningunha función sintáctica. Son construcións carentes de suxeito nas que se emprega en 3ª persoa do sg. (non admite plural).

Ex: *En Galicia lese pouco.*

e) **Pasiva reflexa:** a diferenza das impersoais, as pasivas reflexas teñen un suxeito que concorda co verbo. Aparecen co verbo en singular ou plural, pero sempre en voz activa.

Ex: *Véndese casa.*